



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

### ACTA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN DO CONCELLO DE FISTERRA O DIA 8/02/2023, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

#### ASISTENTES

#### PRESIDENTE

MARCOTE, SUAREZ, José (PSOE)

#### CONCELLEIROS

VILELA ROMERO, Soledad (PSOE)  
MARIÑO LOPEZ, María. Rocío (PSOE)  
DOMINGUEZ LADO, Alexandre (PSOE)

SAR OLIVEIRA, Xan Carlos (BNG)  
FERNANDEZ MARTINEZ, Teresa (BNG)

TRABA FERNANDEZ, José Manuel (PP)  
BENLLOCH RIVAS, Daniel Juan (PP)  
SUAREZ SILVA, Jenifer (PP)  
CASTREGE FERNANDEZ, Leonor (PP)  
INSUA LAGO, Luís Manuel (PP)

#### SECRETARIO - ACCIDENTAL

CARRIL PEREZ, Juan Carlos

Na vila e termo municipal de Fisterra, ás 20:00 horas, do día 8/02/2023, reúnen-se no salón de sesións da casa do concello, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebraren a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno da Corporación.

Tendo en conta que segundo o establecido no artigo 90 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, para a válida constitución do Pleno, requírese a asistencia dun tercio do número legal de membros da corporación, que nunca poderá ser inferior a tres. Este quorum deberá manterse durante toda a sesión. En todo caso, requírese a asistencia do Presidente e do Secretario da corporación ou de aqueles que legalmente os substitúan.

Comprobado pola Secretaria – Intervención accidental, que os reunidos constitúen quórum suficiente para a válida celebración do acto

segundo as disposicións vixentes, o Sr. Alcalde – Presidente declara aberta a sesión, e todo iso aos fins de deliberar e resolver sobre o contido da seguinte

#### ORDE DO DÍA

1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

**1º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente preguntando se algún membro da Corporación, quere formular algunha observación, ao contido da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 2/02/2023, distribuída coa convocatoria.

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

Ao non facer uso da palabra ningún concelleiro, o Sr. Alcalde-Presidente somete á votación a proposta de aprobación da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación de 2/02/2023, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACION ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.**

Intervén o Alcalde-Presidente, Sr. José Marcote Suárez, manifestando que ...

Intervén

Acto seguido, o pleno da corporación por seis (6) votos a favor (4 PSOE e 2 BNG) e cinco (5) abstencións do grupo popular, adopta o seguinte acordo:

1.- "Participar no **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023"** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

**A ) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:**

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	135.980,19 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>135.980,19 €</b>

**B ) Financiamento de investimentos:**

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				Orzamento total
	Deputación	Concello			
Denominación da obra ou subministración		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2023</b>					

--	--

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		
Achega municipal			IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total Concello	
Mellora do viario no Camiño da Insua. Fase II	64.736,55 €	10.269,95 €		10.269,95 €	75.006,50 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2022</b>	64.736,55 €	10.269,95 €		10.269,95 €	75.006,50 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

**C) Redución de débeda con entidades financeiras:**

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	

**D) Resumo:**

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)	Total concello	
<b>A- GASTOS CORRENTES</b>					
Achega 2023	135.980,19 €				135.980,19 €
Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
Achega 2023					

**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

<b>B- INVESTIMEN S</b>	<b>Achega 2022</b>	64.736,55 €	10.269,95 €		10.269,95 €	75.006,50 €
<b>C- REDUCCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2023</b>					
<b>D- TOTAL</b>	<b>Achega 2023</b>					
	<b>Achega 2022</b>					
	<b>Préstamo 2023</b>					
	<b>TOTAL</b>	200.716,74 €	10.269,95 €		10.269,95 €	210.986,69 €

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles  (mínimo do 25% do total das achegas e préstamo provincial asignados)</b>	<b>(A) Orzamento contrata (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecement o auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(B) IVE soportado deducible (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemen to auga potable con IVE deducible)</b>	<b>(C= A-B) Orzamento subvencionab le (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecement o con IVE deducible)</b>
Mellora da rede de saneamento de augas pluviais na rúa Real	86.832,60 €		86.832,60 €
Mellora do saneamento na rúa Alcalde Fernández e Náufragos	94.144,21 €		94.144,21 €
Mellora do firme na rúa Federico Avila (tramo oeste)	73.086,98 €		73.086,98 €
<b>TOTAIS</b>	254.063,79 €		254.063,79 €

3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**3º) PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN UNICO DE CONCELLOS) “POS+ ADICIONAL 1/2023” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.**

Acto seguido, o pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

1º) Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2023**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

**Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023**

39.660,89 €

Dato notificado que figura no seu expediente

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISION GASTOS 2023	ESTIMACION DOUTROS INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACION GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISION DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTOS CORRENTES	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
a) Reforzo-ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, con fin de apoiar aos equipos					



## CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables. O importe non pode ser destinado a cubrir achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco d exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte e aqueles que consideren os servizos sociais	19.660,89 €		19.660,89 €	19.660,89 €	0,00 €



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

municipais. As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00€					
c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS Excepcionalmente, o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluído aquela que corresponde a horas xa concedidas.			0.00 €		0.00 €
d) Reforzo do servizo e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas					



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais			0,00 €		0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas	10.000,00 €		10.000,00 €	10.000,00 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requesitos recollidos na base			0,00 €		0,00 €



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

12.1.h					
<b>SUBTOTAL GASTOS CORRIENTES</b> Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	<b>29.660,89 €</b>	0,00 €	<b>29.660,89 €</b>	<b>29.660,89€</b>	<b>29.660,89€</b>

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISION GASTOS 2023	ESTIMACION DOUTROS INGRESOS PUBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACION GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	10.000,00€		10.000,00€	10.000,00€	0,00€
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de sevizos sociais municipais			0,00€		0,00€
<b>SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO</b>	10.000,00€	0,00€	10.000,00€	10.000,00€	0,00€
<b>TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023</b>	<b>39.660,89€</b>	<b>0,00€</b>	<b>39.660,89€</b>	<b>39.660,89€</b>	<b>0,00€</b>

<b>I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRIENTES</b>	<b>29.660,89€</b>
---	-------------------



**CONCELLO DE FISTERRA**

Rúa Santa Catalina, 1  
15155 FISTERRA (A Coruña)  
Telf. 981 740 001  
Fax: 981 740 677

<b>II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencias para cesión (i)</b>	<b>10.000,00€</b>
<b>III. Importe solicitado para investimentos: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)</b>	<b>0,00€</b>
<b>TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I+II+III)</b>	<b>39.660,89€</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

E non tendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión sendo as 20:10 horas, de todo o que como secretario accidental, dou fe.